



# Banc@rios

Novembro 2001

Confederación Intersindical Galega ♦ SECCIÓN SINDICAL BBVA


## VOZ SINDICAL GALEGA

### SUMARIO

*C.I.G.-BBVA é a única voz sindical galega que pode escoitarse no ámbito das Comisións e Mesas de negociación, a nivel central da empresa en Madrid e Bilbao, defendendo directamente, sen empregar o mando a distancia que caracteriza a outros sindicatos, o interese concreto e as particularidades que conforman a nosa específica problemática laboral como bancarios.*

Préstamos, Tarifas e Beneficios Sociais: Negociación atascada.	2
C.I.G.-BBVA: Responsabilidade sindical e Congreso.	3
O Niño de Aguia que se converteu en "Niño de la Guía".	4

Temos o potencial de actuación dunha forte organización sindical. Aportamos a condición de sindicato "máis representativo", polo que somos parte negociadora de Convenios Colectivos sectoriais como o da banca privada, que regula a nosa relación laboral. Ademais, somos un destacado axente negociador, non só no ámbito galego, senón tamén no estatal e mesmo no internacional. En organismos como a O.I.T., o C.E.S., e a FORCEM escoitase a voz sindical galega da nosa organización.



C.I.G.-BBVA  
AutoVía sindical directa

## Ioguriños

*Sobradamente preparados, chegan cheos de ilusións. Pronto fai mella neles o escepticismo propiciado por mandos sen escrúpulos, promocións frustradas, presión desmedida e control obsesivo, que se traduce nunha total ausencia de vida privada. A motivación caduca ó pouco tempo.*

## PARA TEMPOS DIFÍCILES

*En tempo de tormenta non fagas mudanza.*

Veñen aí tempos difíciles, sabémolo todos. Tempos marcados pola cambiante dinámica que vive o sector bancario, metido nun proceso encuberto de reconversión ferrocamente obsesionado por recortar plantillas ata o *minimum* de subsistencia, implantando a mobilidade como norma de actuación e mudando o sistema de banca tradicional cara a un modelo cibernético ó que lle



sobran os recursos humanos. Tempos, tamén, no que os traballadores de BBVA sumamos un plus adicional de preocupación que mira cara o proceso de fusión de plantillas, agardando os programas de integración e peches de oficinas. Tempos, en fin, nos que o sindicato debe ser unha ferramenta eficaz de protección para os dereitos colectivos dos bancarios.

# Negociación atascada

- Préstamos e créditos
- Tarifas e condicións bancarias
- Beneficios sociais

A *Comisión de seguimento do Pacto de Fusión BBVA* está a negociar as condicións de homologación laboral, aínda pendentes de homoxeneizar. A postura da empresa pretendendo un acordo, ó mesmo tempo, sobre a totalidade dos asuntos atasca o proceso.

A negociación iniciouse o 24 de outubro, coa presentación por parte da empresa das propostas que mostran, en cada caso, o punto de partida do banco en cada tema pendente de ser tratado, conforme ó Pacto de Fusión BBVA. A mesma negociación en sí, que chega a dous anos vista do acordo de fusión de BBV e Argentaria, está condicionada polos compromisos acadados, a nivel laboral, naquel proceso que se substanciou con pacto moi pouco concreto en medidas laborais de homologación das diferentes condicións da cada colectivo de traballadores de va-

rias procedencias que, máis alá da nosa vontade personal, confluimos nunha organización única resultante dun proceso de unificación entre empresas.

C.I.G.-BBVA reivindica que a homoxeinización debe lograrse coa aplicación das condicións máis favorables en cada caso, para ser aplicadas a toda a plantilla.

Os días 13 e 21 de novembro, celebráronse máis encontros da Comisión. Puro trámite, vista a cerrazón da parte empresarial. Para o 29 de novembro convócase nova xuntanza, poidera ser que fose a última.



## Proposta C.I.G.

### PRÉSTAMOS SIN CUSTE

*Artigo 39 do Convenio Colectivo*

Ata 6 mensualidades, en 60 meses.  
Ata 9 mensualidades, en 72 meses.  
Motivos: De Convenio, ampliados.  
Mensualidades: 1/12 ingresos-ano.

### PRÉSTAMOS VIVENDA

Ata 15 millóns de pesetas  
Variable: Euribor, menos 0,10  
Mínimo: 2,75 e máximo: 6,50  
Prazo: 25 anos  
Formalizacións: Sen comisións, nen intervención por axente.

### PRÉSTAMO VARIO

Finalidade: As do artigo 39 do Convenio, ampliadas. Sen xustificación.  
Limite: 12 mensualidades  
Tipo: Euribor, máis 1,25  
Sen comisións  
Prazo máximo: 7 anos

Préstamo devolución I.R.P.F., Tarxeta VISA-pago aprazado: As mellores condicións actualmente vixentes.

### RETRIBUCIÓN DE PASIVO

Reciprocidade en base a Euribor a 6 meses, con límites.

Sen comisións e gastos en Tarxetas, operacións de valores, BBVA net Plus, Transferencias, cheques, etc.

## *Non me toquen os Beneficios Sociais*


**A** monetización dos Beneficios Sociais é pan para hoxe e fame para mañán. ¿Qué se propón a empresa?. Liquidar con 4.915 millóns de pesetas anuais, todo proceso de pequenas conquistas que os sindicatos, representando ó colectivo de traballadores, fomos logrando a través do tempo para establecer un marco laboral que dá un profundo senso de integración nunha cultura social de empresa que, así, establece o aspecto diferencial, máis humano, nunha entidade bancaria que presume de acadar a máis alta cota de beneficios.

# Responsabilidade sindical

**C.I.G.-BBVA** é a Sección Sindical, no ámbito galego da entidade bancaria, con máis grande número de representantes dos traballadores e das traballadoras. Esta situación de sindicato máis representativo otorga, precisamente, un plus de responsabilidade que asumimos consecuentemente, en favor de todo o colectivo de bancarios BBVA.

Conforme co Pacto Laboral de Fusión BBVA, entanto non se celebre un novo proceso de eleccións sindicais, mantense a condición existente nas entidades fusionadas. No intre de asinarse o referido protocolo a representatividade do BBVA, en Galicia, era a reseñada no cadro adxunto, hoxe vixente.

Sindicato	Representantes
C.I.G.	25
C.C. + Atebank	18
U.G.T.	18
CC.OO.	10
Outros	2
<b>Total GALICIA</b>	<b>73</b>



## Congreso

A Federación de **BANCA, AFORRO, SEGURO E OFICINAS** da C.I.G., da que forma parte **C.I.G.-BBVA**, celebrará o seu Terceiro Congreso o vindeiro día 1 de decembro en Allariz (Ourense), vila cargada de fondo simbolismo pola harmonía lograda entre tradición e modernidade, valores que identifican tamén ó noso sindicato. Xuntarémonos para debater e poñer a punto asuntos referidos a organización, principios de acción sindical e reivindicacións no marco do proceso que sigue a cada Congreso confederal da C.I.G. Do encontro sindical sairá elexida, tamén, a nova equipa de compañeiros e compañeiras que deben conducir a dirección da Federación de C.I.G.-BANCA nos tempos que se aveciñan difíciles.

## Formación, en horario laboral

**C.I.G.-BBVA** ten demandado do responsable territorial de Recursos Humanos, para Galicia, a celebración **dentro da xornada laboral** dos cursos sobre a próxima implantación do Euro, na fase final, que se están a impartir a todo o cadro de persoal do banco, agora en sesións de tarde fóra do horario de convenio.

Por máis que na entrevista do Secretario responsable de C.I.G.-BBVA co director de RR.HH., da Territorial, este comprometeu a convocatoria dentro do horario de traballo, na rede do banco continúa a celebración fora da xornada, en maratónicas sesións de tarde as que acoden compañeiros **"invitados"** das oficinas, moitas distantes decenas de quilómetros do lugar escollido para a formación. Certamente, noutros casos, impártense en horario de mañán, conforme a promesa.





## O NIÑO DE AGUIA QUE SE CONVERTEU EN "NIÑO DE LA GUÍA"

**A** lei 3/1983, do 15 de xuño, respecto da normalización lingüística, dispón no seu artigo 10 que "os topónimos da Galiza terán como única forma oficial a galega". Isto obriga, a calquera empresa (BBVA é moito máis que unha empresa calquera) que teña implantación na nosa terra, a respectar a nosa toponimia; non só por imperativo legal, senón por unha serie de cuestións ineludibles no comportamento dunha entidade bancaria do século XXI:

- ✓ **MODERNIDADE.** Porque non é presentable repetir, por comodidade, a nomenclatura dos pobos, vilas e cidades da xeografía galega que se fixo nun réxime xurásico, non democrático, ignorante e malintencionado no uso deturpado da lingua galega.
- ✓ **COMERCIALIDADE.** Porque as enquisas, realizadas nestes últimos anos, demostran que o cidadán galego é máis receptivo coas campañas publicitarias feitas na lingua autóctona.
- ✓ **CALIDADE NA ATENCIÓN AO CLIENTE.** Porque eles son os primeiros en indicarnos, ás veces moi molestos, as incoreccións aldraxantes que campan nos documentos editados pola nosa empresa.
- ✓ **COMPETITIVIDADE.** Porque a totalidade das entidades bancarias, galegas ou non, con presenza na Galiza e outrora reacias a aceptar a realidade, adoptaron ou están levando a cabo planos de normalización lingüística.

Estas son algunhas das razóns polas que cremos que se deben corrixir os topónimos deturpados, ademais de editar tódolos documentos bilingües. E asemade, animar aos nosos compañeiros a que empreguen con dignidade o galego, tamén no traballo.

**BBVA DEBE**

**INTEGRAR A LINGUA**

**GALEGA, INCLUSO,**

**PARA GAÑAR EN**

**COMPETIVIDADE**

**Banc@rios**




Confederación Intersindical Galega

**BBVA**

Sección Sindical


Rúa Gregorio Espino, 47-entr.  
36205-VIGO.

 986 374 008

*sin* **CIG** *Galízate*

SÚMATE

CON FORZA PROPIA



*Para tempos difíciles*